

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/13	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de abril de 2024
Duración	Dende as 13:40 ata as 14:00 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 19.04.2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 19 de	

abril de 2024.

Expediente 686/2024. Solicitude de Prestación de Servizos Sociais. Solicitude de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da directora do CIM con data 25 de abril, no que se pon de manifesto a necesidade sufragar os custes derivados do aloxamento alternativo para unha usuaria con condición de vítima de violencia de xénero, mentres se realizaban os trámites oportunos para o ingreso na Rede de acollemento galego.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do servizo de aloxamento.

Segundo.- Aprobar o pago delegado ao Hotel Naval do Espiño S.L. por importe de 295,71€ con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 509/2024. Subvencións Solicitadas a Outra Administración. Solicitude de concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a ORDE do 18 de marzo de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT401A).DOG. Núm. 57 do 20/03/2024, para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva deste distintivo que premiará aqueles concellos de Galicia que destaquen polas súas boas prácticas ambientais e de protección e conservación da paisaxe.

Vista a memoria denominada "**Memoria de actuacións**" na que se poñen de manifesto os aspectos máis relevantes das medidas que se propoñen.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a antedita memoria de actuacións que se propoñen, para a solicitude de concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia.

Segundo.- Solicitar a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia, ao abeiro ORDE do 18 de marzo de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT401A).DOG. Núm. 57 do 20/03/2024, para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva deste distintivo que premiará aqueles concellos de Galicia que destaquen polas súas boas prácticas ambientais e de protección e conservación da paisaxe.

Expediente 1937/2020. MODIFICACIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/09/2023 constitúese, unha Comisión de Seguimento de funcionamento do viveiro de empresas do concello de Silleda coas seguintes persoas:

- Alcalde de Silleda, Manuel Cuiña Fernández, ou persoa en quen delegue.
- Paula María Fernández Pena, Concelleira de Xestión urbana, Medio Ambiente e promoción económica (inclúe industria).
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

Visto que o 12 de xaneiro de 2024, cesa como Alcalde o Sr. Manuel Cuiña Fernández.

Visto que o 22 de xaneiro de 2024 toma posesión como Alcaldesa a Sra. Paula M^a Fernández Pena

Visto que por todo o exposto faise preciso modificar a composición da antedita Comisión de Seguimento de funcionamento do viveiro de empresas do concello de Silleda

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Modificar a Comisión de Seguimento constituída por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/09/2023 formada por:

- Alcalde de Silleda, Manuel Cuiña Fernández, ou persoa en quen delegue.
- Paula María Fernández Pena, Concelleira de Xestión urbana, Medio Ambiente e promoción económica (inclúe industria).
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

Segundo.- Constituír unha nova Comisión de Seguimento do Viveiro de Empresas do Concello de Silleda formada polas seguintes persoas:

- Alcaldesa do Concello de Silleda, Paula María Fernández Pena ou persoa en quen delegue
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

Terceiro.- Comunicar o acordo ás persoas nomeadas

Expediente 1864/2022. MODIFICACIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA O PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO NO CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que na sesión do Pleno da Corporación de data 26 de xaneiro de 2023, acordouse prestar aprobación as Bases do Programa de axudas municipais á creación de emprego no Concello de Silleda, ano 2023.

Visto que as anteditas Bases publicáronse, o 17 de febreiro, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 34

Visto que na Base 2ª Competencia e procedemento de tramitación, apartado 2.2, no que se indica que debe nomearse unha comisión de valoración:

“Nomearase unha Comisión de Valoración formada por un/ha Presidente/a, un/ha Secretario/a con voz pero sen voto e dous vogais.

A Concellería de Emprego será a encargada da instrución das solicitudes e, a vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.”

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/09/2023 constitúese, unha da Comisión de valoración para o programa de axudas municipais á creación de emprego no concello de Silleda coas seguintes persoas:

- Alcalde de Silleda, Manuel Cuiña Fernández, ou persoa en quen delegue.
- Paula María Fernández Pena, Concelleira de Xestión urbana, Medio Ambiente e promoción económica (inclúe industria).
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

Visto que o 12 de xaneiro de 2024, cesa como Alcalde o Sr. Manuel Cuiña Fernández.

Visto que o 22 de xaneiro de 2024 toma posesión como Alcaldesa a Sra. Paula M^a Fernández Pena

Visto que por todo o exposto faise preciso modificar a composición da antedita Comisión de valoración para o programa de axudas municipais á creación de emprego no concello de Silleda

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Modificar a Comisión de Valoración constituída por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/09/2023 formada por:

- Alcalde de Silleda, Manuel Cuiña Fernández, ou persoa en quen delegue.
- Paula María Fernández Pena, Concelleira de Xestión urbana, Medio Ambiente e promoción económica (inclúe industria).
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

SEGUNDO.- Constituír unha nova Comisión de valoración para o programa de axudas municipais á creación de emprego no concello de Silleda formada polas seguintes persoas:

- Paula María Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

TERCEIRO.- Comunicar o acordo ás persoas nomeadas

Expediente 213/2024. CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a memoria asinada polo AEDL deste Concello na que se xustifica a necesidade da contratación do servizo de DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024.

Visto que o obxecto do presente contrato é establecer as condicións técnicas que rexerán a prestación do servizo de limpeza e roza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños das parroquias do termo municipal de Silleda incluídas nos lotes que se detallarán no Prego de cláusulas administrativas particulares, que incluírá a retirada e tratamento adecuado dos residuos procedentes da realización dos traballos de roza e limpeza.

Visto o acordo do Órgano de Contratación de iniciar o expediente de Contratación, acorda da Xunta de Goberno de data 02/02/2024.

Vistos os pregos de prescricións técnicas e os de cláusulas administrativas particulares.

Visto o informe de Secretaría, asinado o 13 de febreiro de 2024.

Visto o informe de Intervención, asinado o 14 de febreiro de 2024.

Vista a Acta da Mesa de Contratación asinada o 22 de marzo de 2024, na que se recolle a valoración das ofertas presentadas da seguinte maneira:

“...

Queda a Mesa constituída, e declara admitidas provisionalmente as seguintes proposicións:

- DIEGO GARCÍA BESTEIRO - DNI: 33561240-P
- REPOBOACIÓNS E DESBROCES DO NOROESTE S.L. - CIF: B36262772
- ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE - DNI: 78794868-L
- SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L. - CIF: B36408987

A Mesa de Contratación procede a lectura das ofertas económicas presentadas co seguinte resultado:

LICITADOR	OFERTA € (Sin IVE)		
	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
DIEGO GARCÍA BESTEIRO	23.780,00 € (0,205 €/m)	13.860,00 € (0,22 €/m)	8.820,00 € (0,21 €/m)
REPOBOACIÓNS E DESBROCES DO NOROESTE S.L.	23.780,00 € (0,205 €/m)	12.915,00 € (0,205 €/m)	8.610,00 € (0,205 €/m)
ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE	20.300,00 € (0,175 €/m)	11.025,00 € (0,175 €/m)	7.350,00 € (0,175 €/m)
SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.	24.940,00 € (0,215 €/m)	13.545,00 € (0,215 €/m)	Non presenta oferta ó lote 3

Tras a lectura das ofertas económicas obsérvase que tres dos catro licitadores **superan o valor estimado do contrato fixado por lotes e, polo tanto, o presuposto base máximo de licitación** recollido no Prego de Cláusulas Administrativas:

Lote nº 1: Presuposto base (máximo) de licitación: 26.100,40 euros (21.570,25 euros mais 4.529,75 euros de IVE).

Lote nº 2: Presuposto base (máximo) de licitación: 14.175,00 euros (11.714,00 euros mais 2.460,12 euros de IVE).

Lote nº 3: Presuposto base (máximo) de licitación: 9.450,00 euros (7.809,92 euros mais 1.640,08 euros de IVE).

Por esta razón PROCEDE EXCLUÍLOS.

Así as seguintes ofertas quedan fóra da licitación:

- DIEGO GARCÍA BESTEIRO - DNI: 33561240-P
- REPOBOACIÓNS E DESBROCES DO NOROESTE S.L. - CIF: B36262772
- SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L. - CIF: B36408987

Aplicada a fórmula para avaliar o criterio de adxudicación, a puntuación obtida pola única licitadora que cumpre co valor estimado do contrato fixado por lotes, é a seguinte:

LOTE 1			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE	20.300,00 €	29,44

LOTE 2			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE	11.025,00 €	29,41

LOTE 3			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE	22.944,80 €	29,44

Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Propoñer ó órgano de contratación a adxudicación de DOUS LOTES, a determinar pola licitadora, da CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024 a:

- ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE - DNI: 78794868-L

SEGUNDO.- Tendo en conta o recollido no punto primeiro do Anexo I do PCAP "Poden presentarse ofertas para: todos os lotes. Número máximo de lotes que poden adxudicarse a unha única persoa licitadora: 2" e considerando que non existe outro licitador que cumpra cos requisitos económicos esixidos, a Mesa de Contratación, propón ó órgano de contratación DEIXAR DESERTO o lote rexeitado pola licitadora.

TERCEIRO.- A Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación que determine os lotes escollidos por ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE - DNI: 78794868-L, licitadora que obtivo a mellor puntuación, e a continuación lle requira, para que presente no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación a documentación sinalada na Cláusula 27 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e proceda á constitución da garantía definitiva do 5% do prezo final ofertado por este, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.”

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2024 no que se acordaba aceptar ó proposto pola mesa de contratación na acta da mesma data e requirir á licitadora proposta para que procedese á elección dos lotes (Rexistro de saída de este Concello 2024-S-RE-298).

Visto que segundo instancia xeral con nº de entrada neste Concello 2024-E-RE-488 a licitadora, Dona Rosa Mar Caamaño Alvite, elixe realizar o LOTE 1 e o LOTE 2.

Vista a acta da mesa de contratación asinada o 04 de abril de 2024, no que se acorda o seguinte:

“Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- *Propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do LOTE 1 e LOTE 2, da CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024 a:*

- ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE - DNI: 78794868-L

SEGUNDO.- *Tendo en conta o recollido no punto primeiro do Anexo I do PCAP “Poden presentarse ofertas para: todos os lotes. Número máximo de lotes que poden adxudicarse a unha única persoa licitadora: 2” e considerando que non existe outro licitador que cumpra cos requisitos económicos esixidos, a Mesa de Contratación, propón ó órgano de contratación DEIXAR DESERTO o LOTE 3.*

TERCEIRO.- *A Mesa de Contratación, acorda requirir á ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE - DNI: 78794868-L, para que presente no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación a documentación sinalada na Cláusula 27 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e proceda á constitución da garantía definitiva do 5% do prezo final, por cada un dos lotes elixidos e ofertados por esta, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.*

*Garantía definitiva LOTE 1: 5% de 20.300 € (1.015 €)
Garantía definitiva LOTE 2: 5% de 11.025 € (551,25 €)”*

Visto o primeiro requirimento de documentación realizado o 04 de abril de 2024, rexistro de saída 2024-S-RE-334.

Visto que a licitadora deposita as cantidades das garantías definitivas e presenta correctamente

toda a documentación, agás os xustificantes dos servizos prestados, polo que se realiza un segundo requirimento de documentación o 19 de abril de 2024, rexistro de saída nº 2024-S-RE-402.

Visto que a licitadora atende correctamente ó requirimento como así o pon de manifesto a acta da mesa de contratación de data 25 de abril de 2024, acta que da conformidade coa documentación presentada.

Visto informe de intervención da fase D.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar **LOTE 1 e o LOTE 2**, da CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024 a:

- ROSA MAR CAAMAÑO ALVITE - DNI: 78794868-L

segundo a oferta presentada pola licitadora:

LOTE 1: prezo de 20.300 € máis 4.263 € de IVE o que fai un total de 24.563 €

LOTE 2: prezo de 11.025 € máis 2.315,25 € de IVE o que fai un total de 13.340,25 €.

Os lotes veñen determinados nos Pregos da seguinte maneira:

LOTE 1: Camiños municipais das parroquias de DORNELAS –PIÑEIRO-MANDUAS- CIRA-CERVAÑA-LAMELA-MOALDE-ESCUADRO (116.000 metros lineais).

LOTE 2: Camiños municipais das parroquias de: ABADES-CHAPA-PAZOS-ANSEMIL- BREIXA-MARTIXE-RELLAS-MARGARIDE-SILLEDA-FIESTRAS (63.000 metros lineais).

SEGUNDO.- Dispor o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 454-21000, do Orzamento de gastos do Concello para o 2022, prorrogado a 2024.

TERCEIRO.- Tendo en conta o recollido no punto primeiro do Anexo I do PCAP “**Poden presentarse ofertas para: todos os lotes. Número máximo de lotes que poden adxudicarse a unha única persoa licitadora: 2**” e considerando que **non existe outro licitador que cumpra cos requisitos económicos esixidos**, acordar **DEIXAR DESERTO o LOTE 3** que foi o lote rexeitado pola licitadora.

CUARTO.- Notificar á adxudicataria do contrato, o presente acordo, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días. Así mesmo, a presente notificarase a tódolos interesados.

QUINTO.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

SEXTO.- O prazo de execución para a realización dos traballos será de DOUS (2) meses. Marcará o inicio o Concello mediante a sinatura da acta correspondente, que terá lugar no prazo máximo de 10 días naturais dende a formalización do contrato.

Expediente 656/2024. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de creación dunha Bolsa de Traballo específica de Auxiliares de Axuda no Fogar, co fin de cubrir baixas, vacantes, aumento de usuarios/as ou calquera outra necesidade urxente que puidese xurdir, para a prestación dos servizos sociais no municipio.

Visto que esta Bolsa utilizarase para a realización de contratacións temporais, a xornada completa ou parcial, de acordo coas necesidades do Servizo, por circunstancias urxentes ou acumulación de tarefas.

Visto que o artigo 91.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esixe que a selección deste persoal laboral temporal se realice mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar unhas novas BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

Segundo.- Convocar o presente proceso de selección podendo presentarse as correspondentes instancias para a participación no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Taboleiro de Anuncios Electrónico e Páxina Web do Concello de Silleda, podendo presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9 a 14 horas ou nos termos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme ao establecido nas Bases.

Terceiro.- Publicar as Bases co texto íntegro e todos os anuncios da presente convocatoria na páxina web municipal e no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica, así como dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE PERSOAL AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDADA

PRIMEIRA.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 91.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esixe que a selección deste persoal laboral temporal se realice mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como o de publicidade.

SEGUNDA.- OBXECTO DAS BASES

É obxecto das Bases a creación dunha Bolsa de Traballo específica de Auxiliares de Axuda no Fogar, co fin de cubrir baixas, vacantes, aumento de usuarios/as ou calquera outra necesidade urxente que puidese xurdir, para a prestación dos servizos sociais no municipio. Esta Bolsa utilizarase para a realización de contratacións temporais, a xornada completa ou parcial, de acordo coas necesidades do servizo, por circunstancias urxentes ou acumulación de tarefas.

Unha vez constituída a Bolsa de Traballo, a súa permanencia non suporá, baixo ningún concepto, a existencia de relación xurídica ningunha entre as persoas integrantes da mesma e o Concello de Silleda, ata que non se produza o chamamento para ocupar un posto de traballo e se formalice a relación contractual. A pertenza á Bolsa de Traballo non supón dereito ao chamamento, se non existisen necesidades de servizo que xustificasen a contratación.

Para o acceso á presente Bolsa esixírase calquera das seguintes titulacións, ou ben que as persoas solicitantes presenten un certificado de cualificacións ou documento equivalente, que demostre que están en disposición de obtelas durante o ano 2024:

- Técnico ou técnica en coidados Auxiliares de Enfermería ou equivalente
- Técnico ou técnica de atención socio-sanitaria ou equivalente
- Certificado de profesionalidade de Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.
- Certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a persoas no domicilio
- Certificado de habilitación excepcional para o exercicio profesional na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar
- Certificado de habilitación provisional para o exercicio profesional na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar

TERCEIRA.- MODALIDADE DE TIPO DE CONTRATO

O período de contratación efectuarase atendendo ao número de persoas usuarias e ás necesidades derivadas do servizo, que determinará o Concello de Silleda en cada caso concreto.

O prazo máximo de contratación, incluídas prórrogas, no caso de contratación por circunstancias da

producción será de 6 meses, prorrogables por outros 6 meses mais, independentemente da xornada laboral para a que foi contratado ou contratada. No caso de contrato de substitución de persoa traballadora con reserva de posto, a duración limitarase ao tempo que dure dita substitución.

A contratación quedará condicionada á xustificación de que se cumpran as condicións establecidas no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores para acceder á contratación temporal, así como á existencia de crédito adecuado e suficiente, a condición de que a persoa traballadora desempeñe as súas funcións axeitadamente. Entenderase que cumpre este último requisito (desempeñar as súas funcións axeitadamente) cando non exista informe motivado desfavorable do servizo. En caso de existir este, non se poderá proceder ao chamamento.

Cando finalice a relación contractual entre o Concello de Silleda e a persoa traballadora esta incorporarase ao último posto da Bolsa de Trballo de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, co fin de dar oportunidade laboral ás persoas que constitúen a mesma.

Se varias persoas traballadoras se atopan nesta situación ao mesmo tempo, a reincorporación efectuarase primando a orde inicial en que se atopasen na Bolsa de Trballo á data de constituírse.

No caso de que a persoa traballadora estivera contratada por circunstancias de produción no cómputo total (contrato orixinal máis prórrogas) por un período inferior a 6 meses, incorporarase ao mesmo lugar que tiña na Bolsa de Trballo a efectos do seu chamamento, ata que alcance o período total de 6 meses.

Os contratos de traballo serán de carácter laboral temporal, a xornada completa ou parcial, segundo as necesidades do servizo, así como das actividades que se desenvolvan, segundo o Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro (art. 15.1.): contratos por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora con reserva de posto de traballo.

CUARTA.- REQUISITOS

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos acreditados á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto a continuación:

- Obter a nacionalidade dalgún dos estados membros da Unión Europea, ser nacional dalgún estado ao que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados polo estado español, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou ser estranxeiro con residencia legal en España, a tenor do artigo 57 do TREBEP.

- Tamén poderán participar o ou a cónxuxe dos cidadáns españois e dos doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre, así mesmo, que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, que deberá manifestarse por parte da persoa aspirante mediante Declaración Responsable (Anexo II). Cando a persoa aspirante teña recoñecida unha discapacidade por Organismo Público competente, deberá acreditar mediante Certificado do Centro Base que posúe a capacidade suficiente para o desenvolvemento das funcións e tarefas, que deberá achegar se supera o proceso selectivo.

Con independencia do recoñecemento dunha discapacidade, o Concello requirirá a calquera persoa aspirante seleccionada para iniciar unha relación contractual para que acredite mediante Certificado do Centro Base que pode efectuar as funcións e tarefas específicas que se lle encomenden relacionadas co posto de traballo ofertado.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder á idade de xubilación forzosa, salvo que por lei establécese outra idade máxima para o acceso ao emprego público.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non acharse en inhabilitación absoluta, nin acharse en inhabilitación para o exercicio das funcións propias do corpo, escala ou categoría obxecto da convocatoria mediante sentenza firme ou por ser despedido disciplinaríamete de conformidade co previsto no artigo 96.1 b) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación ou certificación de cualificacións ou documento equivalente esixida na Base Segunda e de ser o caso presentar cuberto e asinado o Anexo II.

f) Non estar incurso ou incurso en causa de incompatibilidade das establecidas na lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Estar en posesión do certificado de lingua galega 2 (CELGA II), ou superior, ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente. No suposto de non posuír este certificado ou título equivalente o aspirante deberá superar a proba de coñecemento do idioma galego regulado nas presentes bases.

h) Estar en posesión do permiso de circulación tipo B e dispoñer de vehículo para os desprazamentos.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes presentaranse conforme ao Modelo normalizado Anexo I no Rexistro Xeral do Concello de Silleda ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e irán dirixidas a Sra.

Alcaldesa-Presidenta.

As solicitudes que se presenten a través das oficinas de Correos deberán conter na devandita solicitude o estampado da oficina de Correos, expresando a data, antes de ser introducidas no sobre certificado, que acredite a presentación da solicitude no prazo establecido na convocatoria, non admitíndose aquelas presentadas fóra de prazo, non o contivesen.

Poderanse presentar solicitudes nos rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza á Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas, Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares, aos Concellos dos Municipios a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ou á do resto das entidades que integran a Administración Local se, neste último caso, subscribiuse o oportuno convenio.

2. Na solicitude deberá identificarse obrigatoriamente un correo electrónico, que servirá como medio de notificación dunha oferta de traballo.

3. As persoas aspirantes achegarán á devandita solicitude, segundo modelo normalizado Anexo I, a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade, ou documento acreditativo de identidade do aspirante
- Fotocopia da titulación esixida ou certificado de cualificacións ou documento equivalente, e no seu caso declaración responsable (Anexo II) onde se compromete a obtención do título durante o ano 2024, segundo a Base Segunda da presente convocatoria.
- Declaración responsable segundo modelo Anexo III
- Documentación acreditativa dos méritos a valorar polo Tribunal Cualificador
- Certificado de lingua galega 2 (CELGA II), ou superior, ou do curso de aptitude equivalente no caso de posuílo.

Nas solicitudes deberá manifestarse que se reúnen todas e cada unha das condicións fixadas na convocatoria na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación.

4. O prazo de presentación das solicitudes será de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Taboleiro de Anuncios Electrónico e Páxina Web do Concello de Silleda, podendo presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9 a 14 horas ou nos termos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme ao establecido nestas Bases.

As bases específicas e todos os anuncios da presente convocatoria, serán obxecto da adecuada publicidade mediante a publicación do texto íntegro das Bases e anuncios na páxina web municipal e no Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello.

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E DATA DE REALIZACIÓN DAS PRBAS SELECTIVAS

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda, ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e na páxina web do Concello de Silleda, con expresión, no seu caso, das causas de exclusión concedendo un prazo de tres días hábiles para emendar as deficiencias.

Finalizado o prazo de corrección de erros, ditarase resolución coa lista definitiva de persoas admitidas e excluídas na que se determinará a composición nominal do Tribunal de Selección e será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Silleda, así como o día en que polo Tribunal Cualificador procederá á valoración dos méritos achegados.

De conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Alcaldía por resolución poderá declarar a corrección de erros de feito en calquera momento, de oficio ou a pedimento do interesado.

SEPTIMA.- PROBAS SELECTIVAS

O procedemento de selección das persoas aspirantes será o de oposición, porque é o máis adecuado para seleccionar ao profesional máis cualificado para o desempeño do posto.

O perfil do posto a cubrir e a necesidade e urxencia municipais na inmediatez no inicio da prestación de funcións esixen que a capacidade do profesional seleccionado sexa a idónea e suficiente para cubrir dende o primeiro día de xeito eficaz o posto, en calquera das circunstancias contempladas no TREBEP.

As persoas aspirantes serán convocadas mediante anuncio exposto no Taboleiro de Edictos e páxina web e Sede Electrónica do Concello, para a realización das probas selectivas en chamamento único, sendo excluídos deste proceso quen así non comparecesen, salvo nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo órgano de selección.

O sistema de selección das persoas aspirantes será o de oposición. A puntuación máxima alcanzable será de 10 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN: Proba teórica de 10 puntos

PRIMEIRO EXERCICIO de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en contestar un cuestionario de 20 preguntas tipo test formuladas por o Tribunal cualificador sobre as materias do temario contido no anexo destas bases.

Valorarase con 0.50 puntos por resposta correcta, sen que as respostas erróneas resten puntuación.

O exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario obter un mínimo de cinco

(5) puntos para superalo.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de SESENTA (60) minutos.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal.

A orde de chamamento iníciase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra "H", segundo RESOLUCIÓN do 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas opositoras, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O Tribunal, de contar cos medios oportunos, tratará de manter o anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

No taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web e na Sede Electrónica municipal indícase o lugar, día e hora de comezo dos exercicios da Oposición, cunha antelación mínima de tres días hábiles.

A non presentación da persoa candidata ao exercicio, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo.

No desenvolvemento dos exercicios estableceranse para as persoas con discapacidade as adaptacións posibles e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos restantes candidatos/as, sempre que estas fosen debidamente solicitadas.

SEGUNDO EXERCICIO de carácter obrigatorio e eliminatorio para aquelas persoas que non estean exentos da súa realización: proba de avaliación de coñecemento da lingua galega.

Realízase a continuación do PRIMEIRO EXERCICIO, e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima duns TRINTA (30) minutos.

O exercicio valorarase como apto ou non apto e para superalo será necesario obter o resultado de apto.

As persoas aspirantes que estivesen en posesión do Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG num. 146, do 30 de xullo) estarán exentos da realización desta proba.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS

Nun prazo máximo de tres días despois da realización dos dous exercicios da oposición o Tribunal fará público o cadro coas respostas correctas do PRIMEIRO EXERCICIO, así como a listaxe das cualificacións do SEGUNDO EXERCICIO (apto/non apto), mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda, na páxina web e na sede electrónica.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles a contar do día seguinte da publicación do cadro de respostas correctas, para a presentación de reclamacións.

Si o órgano de selección de oficio ou en base ás reclamacións presentadas, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello, na súa páxina web e sede electrónica, xunto coa relación das persoas aspirantes coas puntuación obtidas, determinando quen terá a consideración de apto ou non apto, sendo neste último caso eliminadas do proceso selectivo. Contra tal acordo poderá interperse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 LPAC.

O tribunal fará pública a relación das persoas aspirantes que superaron a oposición pola orde de puntuación total obtida na mesma.

Finalmente o Tribunal fará público nos medios indicados a proposta definitiva sobre as cualificacións finais, así mesmo designarase as dúas persoas candidatas seleccionadas, que será aquelas que alcancen a maior puntuación.

En caso de empate a orde establecerase pola orde alfabética do primeiro apelido das persoas aspirantes empatados de conformidade coa orde establecida pola letra que determine o sorteo anual realizado pola Secretaría de Estado para a Administración Pública a que se refire o artigo 17 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.

NOVENA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección das probas selectivas será designado pola alcaldía en base aos principios de especialidade, imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase á paridade entre muller e home. Estará integrado por un número impar de membros, non inferior a cinco, cos seus respectivos suplentes, entre empregados públicos da Administración. Todos os membros do

Tribunal actuarán con voz e voto.

As persoas membro do tribunal de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido na convocatoria e preferentemente deberán pertencer á área que se selecciona.

Cando as probas selectivas, por dificultades técnicas ou doutra índole, así o aconsellase, o Tribunal, por medio da persoa que ocupe a Presidencia, poderá dispor a incorporación ao mesmo con carácter temporal, de persoas asesoras especialistas na materia obxecto da convocatoria, e baixo a dirección do Tribunal de Selección, limitándose a súa actuación para prestar a colaboración técnica que se lle requira, con voz e sen voto.

O tribunal cualificador constituirase, previa convocatoria da presidencia, e continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións expostas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

Na sesión constitutiva o tribunal acordará todas as decisións que lle corresponda, en orde ao correcto desenvolvemento do proceso selectivo, e eliminará as circunstancias que xeren desiguais oportunidades na práctica das probas para os aspirantes con discapacidade.

O tribunal ou comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, do presidente e do secretario ou de quen os substitúa, e da metade, polo menos, do resto dos seus membros con dereito a voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir notificándoo á Corporación, cando neles concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, e polas mesmas causas, poderán ser recusados polos aspirantes na forma e casos que determina o artigo 24 do mesmo texto legal.

DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E CONTRATACIÓN

Nas solicitudes, co obxecto de facilitar a localización das persoas para contratar deberá identificarse obrigatoriamente un correo electrónico, co fin de realizar avisos e notificacións.

O correo electrónico será a forma de notificación dunha oferta de traballo. O tempo máximo de resposta á oferta de traballo será de vinte e catro horas.

Constituída a Bolsa de Traballo iranse realizando chamamentos para contratacións temporais segundo necesidades do servizo pola orde de puntuación obtido de maior a menor por as persoas aspirantes; os chamamentos realízanse mediante correo electrónico que conste na solicitude da persoa opositora.

Unha vez transcorrido as vinte e catro horas concedidas dende a notificación efectuada ao correo

electrónico facilitado na solicitude de participación na bolsa de traballo, levará a súa situación ao último posto desta Bolsa de Traballo, ofertándose o contrato de traballo, neste caso, ao seguinte aspirante da lista seguindo o mesmo procedemento.

Os datos que figuran na solicitude presentada considéranse válidos a efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado o erro na súa consignación, debendo comunicar no Rexistro Xeral de Documentos do Concello de Silleda calquera variación dos mesmos.

DECIMOPRIMEIRA.- RENUNCIAS

Con carácter xeral, cando a persoa interesada non comparecese nas oficinas municipais do Concello no prazo establecido de dous días hábiles para a aceptación ou renuncia ao posto de traballo ofertado dende a notificación recibida mediante teléfono móbil facilitado ou ao correo electrónico ou non conste de maneira fidedigna nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, levará a súa situación ao último posto desta bolsa de traballo.

A renuncia a unha cobertura temporal polas causas xustificadas que a continuación se expresan levará a situación de inactivo, permanecendo no mesmo posto da bolsa de traballo durante o período que dure a causa que motivase a citada situación, a condición de que quede debidamente xustificado documentalmente.

Finalizada a causa que da lugar ás situacións relacionadas, deberase comunicar no prazo máximo de 15 días no Rexistro Xeral de Entrada de documentos, que ata esa notificación manterá a persoa candidata na situación de inactivo na bolsa correspondente.

Darase como alta dispoñible a partir do día seguinte ao que comunique de maneira fidedigna nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, a súa dispoñibilidade.

Se a persoa candidata non realiza dita notificación no prazo indicado supoñerá a súa exclusión definitiva da bolsa. Con carácter xeral, serán causas xustificadas, as seguintes:

- Causas de enfermidade debidamente acreditadas por un médico de Asistencia Sanitaria, ou situación de baixa por incapacidade temporal da persoa interesada con data anterior ao momento da comunicación da oferta de traballo.
- Por enfermidade moi grave do cónxuxe ou familiar ata o 1er grao de consanguinidade ou afinidade acreditada por certificado e libro de familia.
- En caso de maternidade, se a renuncia se produce entre o sétimo mes de embarazo e a décimo sexta semana posterior ao parto, décimo oitava se o parto é múltiple.
- Atoparse en situación de alta laboral independentemente de que a xornada sexa a tempo completo ou parcial.

Estas causas xustificadas no prazo máximo de vinte e catro horas concedidos para a aceptación ou renuncia ao posto de traballo.

No caso de non xustificar documentalmente as citadas situación no prazo concedido para o efecto nas oficinas do Concello, a persoas aspirante resultará excluída automaticamente da bolsa de traballo.

Prodúcese a exclusión automaticamente da bolsa de traballo nos seguintes casos:

- Renuncia ao posto de traballo ofertado, sen acreditar causa xustificada
- Non superar o período de proba establecido no contrato de traballo no seu caso.
- Se iniciado un expediente disciplinario ao traballador afectado cualifícase a falta como grave ou moi grave
- Quen incorra na falsificación ou omisión dos datos achegados na solicitude.
- Informe negativo sobre o desenvolvemento dos labores profesionais desenvolto en contratacións anteriores
- A falta de presentación inxustificada da documentación requirida para a realización do contrato, no prazo establecido.
- Non presentarse na data establecida polo Departamento de Persoal ao obxecto de proceder á firma do contrato de traballo, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.

A exclusión da Bolsa de Traballo resolverase por Resolución da Alcaldía-Presidencia e notificación ao interesado, nos termo expresados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O persoal laboral temporal afecto á contratación en virtude das presentes bases, non lle será de aplicación a declaración de excedencia nin outras situacións administrativas previstas na lexislación vixente.

A renuncia ao posto de traballo unha vez iniciada a relación contractual, leva como consecuencia a súa expulsión desta Bolsa de Traballo.

DECIMO SEGUNDA.- INCIDENCIAS

O Tribunal de Selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten, adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento da Bolsa e interpretar as súas bases en todo o non previsto por elas expresamente.

DÉCIMO TERCEIRA.- RECURSOS

A presente convocatoria e bases, e os actos administrativos que da mesma derivasen, poderán ser recorridos polos interesados lexítimos, na forma e prazo previstos nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DÉCIMO CUARTA.- DISPOSICIÓN APLICABLES

No non previsto nas presentes Bases, será de aplicación o previsto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 30/1984, do 2 de Agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

En Silleda á data da sinatura electrónica

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

NOME E APELIDOS:

DNI:

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

CORREO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO MÓBIL:

MUNICIPIO:

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EXPÓN:

Primeiro.- Que tendo coñecemento da publicación na sede electrónica do Concello de Silleda, en data----- da convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Traballo de **AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR** polo Excmo. Concello de Silleda.

Segundo.- Que esta en posesión do Título ou do certificado de cualificacións ou documento equivalente de _____ esixido nas Bases que rexen a convocatoria e reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma á data de presentación de solicitudes.

Terceiro.- Que Acepto como medio de comunicación o correo electrónico facilitado na presente solicitude.

Cuarto.- Que presenta a seguinte documentación orixinal ou fotocopia xunto coa presente

solicitude:

Fotocopia do D.N.I. ou documento acreditativo da identidade do aspirante.

Fotocopia da titulación esixida para a praza.

Declaración responsable segundo modelo Anexo II.

Declaración responsable segundo modelo Anexo En base ao exposto,

SOLICITA:

1.- Teña por presentado este escrito para a súa tramitación nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Ser admitido/a na convocatoria de selección para a constitución da Bolsa de Traballo de **AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR** do Excmo. Concello de Silleda.

En Silleda ade.....de 2024.

Asdo.....

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SILLEDA

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE COMPROMISO PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DURANTE O ANO 2024

NOME E APELIDOS:

DNI:

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

CORREO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO MÓBIL:

MUNICIPIO:

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

DECLARA, que o certificado de cualificacións presentado para a participación na convocatoria da bolsa de traballo de auxiliar do servizo de axuda no fogar do concello de Silleda, corresponderase coas que constarán no meu certificado oficial e comprométome a finalizar os estudos, durante o ano 2024, que dan acceso á titulación de..... segundo a base SEGUNDA.

Coñezo que en caso de non obter a titulación esixida, durante o ano 2024, non poderei formar parte da **BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA**

En Silleda ade.....de 2024.

Asdo.....

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

NOME E APELIDOS:

DNI:

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

CORREO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO MÓBIL:

MUNICIPIO:

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

DECLARA a efectos da súa contratación que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non estar incurso/a en inhabilitación absoluta, nin inhabilitado/a para o exercicio das funcións propias do corpo, escala ou categoría obxecto da convocatoria mediante sentenza firme ou por ser despedido disciplinariamente de conformidade co previsto no artigo 96.1.b do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

DECLARA non estar incurso en causa de incompatibilidade das establecidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

DECLARA que posúe a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, así como que non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na presente convocatoria.

Todo isto relativo á solicitude de participación na Bolsa de Traballo DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR no Excmo. Concello de Silleda

En Silleda ade.....de 2024.

Asdo.....

TEMARIO

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura, contido e principios. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura. Título preliminar.

Tema 3.- Os órganos municipais necesarios: O Pleno. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local.

Tema 4.- O servizo de axuda no fogar. Natureza e obxectivos do servizo. Atencións de carácter básico e complementario. Dereitos e deberes das persoas usuarias.

Tema 5.- Funcións do persoal do SAF

Tema 6.- Mobilización de persoas dependentes

Tema 7.- Hixiene e atención a persoas dependentes no domicilio

Tema 8.- Identificación das características e necesidades das persoas dependentes

Tema 9.- Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Silleda

Tema 10.- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Título preliminar. Título I.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE